

**ACTA DÁ SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 13 DE MAIO DE 2019**

No Salón de Sesións dá Casa Consistorial do Concello de Muras, o trece de maio de dous mil dezanove, reunese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL
DON CARLOS CARBALLE PENABAD
DON MARIO ROUCO REI
DON JOSE DANILO REQUEIJO CASTRO
DON JOSE PAJON PENABAD

Non asiste a Concelleira DONA ROSARIO CELIA REI LOPEZ.

Dá fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.

Sendo as dez horas e cuarenta minutos pola Presidencia declarase aberta a sesión.

1.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DAS OBRAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA XESTOSA E MELLORAS NA TRAI DA MUNICIPAL NO CONCELLO DE MURAS CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2019

O Sr. Alcalde-Presidente presenta a seguinte proposta:

"Visto que o Concello de Muras quere levar a cabo o proxecto denominado "Abastecemento de auga na Xestosa e melloras na traída municipal no Concello de Muras", obras financiadas con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2019.

Dadas as características da obra, considérase que o procedemento máis axeitado é o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática.

Con data 9 de maio de 2019 emitíuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Con data 9 de maio de 2019 emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Con data 9 de maio de 2019 emitíuse informe de Secretaria sobre o prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas.

Con data 9 de maio de 2019 realizouse pola Interventora a retención de crédito oportuna.

En virtude da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos,

de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponde ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.

Segundo os informes de Secretaria-Intervención de data 9 de maio de 2019, o órgano de contratación e o Pleno municipal

É por elo polo que proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordó:

PRIMEIRO.- INICIAR o procedemento de licitación do proxecto da obra “Abastecemento de auga na Xestosa e melloras na traida municipal no Concello de Muras”.

SEGUNDO.- AUTORIZAR, pola contía de 296.111,06 euros e 62.183,22 de IVE, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación 161-62300 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2019.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato da obra denominado “Abastecemento de auga na Xestosa e melloras na traida municipal no Concello de Muras” por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática.

CUARTO.- Publicar no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de VINTE DÍAS os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.muras.gal

QUINTO.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante e na sede electrónica do Concello, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate, producense as seguintes intervencións:

Don Danilo Requeijo pregunta de onde se vai a sacar a auga.

Sr. Alcalde responde que de Montouto.

Don Danilo Requeijo indica que de aí non se vai a sacar auga suficiente.

Sr. Alcalde indica que existe un proxecto no cal os técnicos indican que é viable o proxecto.

Don Mario Rouco sinala que hai que saber cal é a localización do depósito intermedio o cal deberá ter a capacidade suficiente para abastecer de auga.

Sometese o asunto a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade, acordan aprobar o mencionado punto.

O Sr. Presidente levantou a sesión as dez horas e cincuenta e seis minutos, dá que se estende a presenta acta que asina conmigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe